<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>2.1 Xustificación do título: A Enxeñaría Química iníciase como disciplina diferenciada de outras enxeñarías consolidadas fai máis de cen anos e é unha profesión recoñecida a nivel internacional.</p> <p>2.2 A estrutura do título de Grao en Enxeñaría Química recolle as recomendacións da Sección de Educación da "European Federation of Chemical Engineers (EFCE)" no seu documento "Recommendations for Chemical Engineering Education in a Bologna Two Cycle Degree System" así como do libro branco do título de Grao de Enxeñeiro Químico do programa de converxencia europea da ANECA e segue as indicacións da Orden CIN/351/2009, de 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial (BOE 20 de Febreiro de 2009) dos nosos titulados.</p> <p>2.3. Descrición dos procedementos internos e externos utilizados para a elaboración do plano de estudos: A Universidade de Santiago de Compostela nomeou unha comisión formada por profesores da área da Enxeñaría Química (6 profesores) e outras áreas (2 profesores), alumnos de 1º e 2º ciclo da titulación de Enxeñaría Química (4 alumnos) e 1 alumno de 3º ciclo e 2 representantes de colexios profesionais (1 representante do colexio de enxeñeiros técnicos industriais e 1 representante do Colexio de Enxeñeiros Químicos) que se encargou da elaboración da memoria de Grao en Enxeñaría Química da Universidade de Santiago de Compostela.</p> <p>Web da EFCE: http://www.efce.info/wpe.html Libro branco de Enxeñaría Química da ANECA: http://www.aneca.es/var/media/150264/libroblanco_ingquimica_def.pdf Máis información na MVT, apartado 2.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>Nomeouse unha comisión consultora externa formada por 8 profesionais de prestixio de empresas do sector químico e da enerxía, así como 1 profesor ad-honorem de Enxeñaría Química, 1 investigador do CSIC e 1 ex-director xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia que aportaron a súa visión e comentarios ao borrador inicial do plano de estudos que elaborara a Comisión.</p> <p>Existencia dunha Comisión de Docencia da Titulación de Grao en Enxeñaría Química que controla o correcto desenvolvemento do título: http://www.usc.es/etse/gl/category/3/14/54/10165</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Realizar unha reunión conxunta na que participen os membros da Comisión de Titulación de Grao en Enxeñaría Química e a Comisión Consultora Externa formada por profesionais de prestixio así como membros do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Colexio de Enxeñeiros Químicos durante o ano 2012 para analizar a marcha da titulación e posibles accións de mellora curriculares do plano de estudos.</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

COMPETENCIAS/OBXECTIVOS							
<p>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>3.1 Competencias: O apartado 3 de Obxectivos da MVT (páxinas 23-27) establece o desenvolvemento de competencias. O estudante debe lograr todas as competencias básicas, comúns e específicas que sinala a Orden CIN/351/2009, de 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial (BOE 20 de Febreiro de 2009). Ademais o plano de estudos contempla o desenvolvemento de 20 competencias transversais adicionais ás da citada orde.</p> <p>3.2 As competencias anteriormente sinaladas garanten as competencias sinaladas no apartado 3.2 do anexo I do R.D. 861/2010, no que se sinalan as competencias mínimas que se deben garantir nas titulacións de grao. Na MVT, páxinas 133 a 138 incluíu a táboa 5.8, na que se sinala a distribución de competencias nas diversas materias que compoñen o plano de estudos.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> Existencia dunha Comisión de Titulación de Grao en Enxeñaría Química que verifica anualmente a correcta inclusión das competencias nas guías docentes das materias do título. Composición e funcións na páxina da ETSE www.usc.es/etse, apartado "Organización"→"Comisións delegadas". Folleto con consellos sobre a elaboración de guías docentes dirixido ós profesores das materias, dispoñible na páxina da ETSE www.usc.es/etse/info. Celébranse reunións de inicio e fin de semestre con cada un dos cursos da titulación no que se analizan as competencias a desenvolver e o xeito en que se desenvolven as mesmas. Realízase unha reunión da titulación no arranque do curso académico (mes de setembro) onde se analizan os resultados académicos acadados durante o curso anterior, vía presentación dun informe de titulación, dispoñible na páxina do título www.usc.es/etse/greq, apartado "Calidade". 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Propónse a realización dunha enquisa de habilidades nas diversas materias que compoñen o plano de estudos que cubrirían tanto os docentes como alumnos e no que se verifique se se está realizando o correcto desenvolvemento das competencias do plano de estudos.</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES

Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	----------	------------	----------	--------------	----------	------------------------------------	----------

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

4.1 Sistemas de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso.

A Web da USC ofrece un apartado de información específica ós alumnos de novo ingreso, visible na páxina web de inicio da USC. <http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/index.html>. No mesmo poden obter información relativa a matrícula e procedementos de acceso do sistema universitario galego, información sobre a admisión e traslados de estudantes procedentes doutras universidades, bolsas e axudas económicas, así como nota de acceso á titulación do curso previo.

Unha vez iniciado o curso, os estudantes de novo ingreso reciben, no primeiro día lectivo do curso, unha charla na Escola Técnica Superior de Enxeñaría, na que soen estar presentes o Director ou Subdirectora do Centro, coordinador da titulación así como a Secretaria do Centro, onde se lle sinala cal é a estrutura da titulación, as orientacións existentes, a existencia de docencia en galego, castelán e inglés e se lle presentan as instalacións da Escola Técnica Superior de Enxeñaría mediante unha visita a aulas, laboratorios, biblioteca e outras sas. Se lle informa da existencia dunha dirección de centro, da existencia de coordinadores de curso e titulación, e se lles pasa unha enquisa para coñecer o seu perfil académico e o seu nivel de linguas estranxeiras. Os profesores das materias presentan as guías docentes das materias durante o primeiro día de clase, así como a existencia dun calendario de actividades a realizar durante o curso académico.

Información facilitada a alumnos na web da ETSE (presentación da titulación, folletos de titulación e informe anual da titulación, memoria do título verificada por ANECA): www.usc.es/etse/info

Calendarios de actividades académicas dos cursos de Grao: <http://www.usc.es/etse/greg/horarios>

4.2 Non existen condicións de acceso especiais.

4.3 A USC da información e apoio ós alumnos matriculados, asemesmo na ETSE existen diversas vías polas cales o alumno pode obter un apoio en cuestións académicas (existencia de profesores coordinadores de curso e titulación) así como presentar suxestións (caixa de correo de comentarios e correo electrónico do director da ETSE).

4.4 A resolución reitoral do 15 de abril de 2011 establece o procedemento para o recoñecemento de competencias e de materias entre titulacións de grao e máster

(<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/rr15abr11.pdf>)

Na MVT pódese atopar información adicional, apartado 10.2, pp. 178-179.

As condicións de acceso ao novo título de Grao en Enxeñaría Química por parte de estudantes da antiga titulación de Enxeñaría Química (5 anos) veñen regulados na resolución reitoral do 13 de Agosto de 2010:

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/etse/descargas/Resol_adaptacion_Enxenaria_Quimica.pdf

4.5 Sen concretar o establecemento de cursos ponte ou de adaptación para titulados do anterior ordenamento, inclúese como acción de mellora.

4.6 Non procede (titulación de Grao)

BOAS PRÁCTICAS:

Enquisas a alumnos de primeiro curso que serven para analizar o perfil do alumnado, a súa procedencia, competencias previas, así como lugar onde obtiveron información da titulación (centro secundaria, web, profesores, familiares, etc.). Os resultados publícanse na web da ETSE, preséntanse na reunión anual cos profesores e publícanse na MAT. Toda esta información está dispoñible en www.usc.es/etse/info:

Preparación de dípticos da titulación que se envían a institutos, previo ás probas de acceso (www.usc.es/etse/info e www.usc.es/etse/greg)

Guía informativa da escola que se entrega durante a xornada de benvida (www.usc.es/etse/info)

PROPOSTAS DE MELLORA:

- De acordo co sinalado no punto 4.5 do Anexo I do R.D. 861/2010, a Comisión de Titulación de Grao en Enxeñaría Química e a Xunta de Escola da ETSE establecerán un procedemento de curso ponte ou de adaptación para titulados do anterior ordenamento (titulados en Enxeñaría Química ou titulados de Enxeñaría Técnica Industrial en Química Industrial pola Universidade de Santiago de Compostela).
- A USC debería mellorar a visibilidade das titulacións e a información que proporciona, a día de hoxe a información sobre a matriculación atópase dispersa en diversos apartados da páxina web.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

--	--

PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	----------	------------	----------	--------------	----------	------------------------------------	----------

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

5.1. O título de Graduada ou Graduado en Enxeñaría Química cumpre coas directrices contempladas no artigo 12 do RD 1393/2007: O plan de estudos ten 240 ECTS, que conteñen toda a información teórica e práctica que o estudante debe adquirir. Estas ensinanzas rematan coa elaboración e defensa dun Traballo Fin de Grao de 24 ECTS. Na táboa 5.3 do apartado 5, planificación das ensinanzas, que aparece nas páxinas 35 e 36 da MVT, así como na figura 5.1 (páxina 37) aparece un listado das materias do título de Graduado ou Graduada en Enxeñaría Química da USC, sinalándose o número de ECTS, semestre, carácter obrigatorio, básica ou optativo das mesmas:

5.2. Procedementos de mobilidade de estudantes propios ou de acollida: Na USC existe a ORE. A USC dispón dun portal que ofrece a información necesaria, tanto a alumnos foráneos como a propios que desexen acollerse ós diversos programas de mobilidade existentes: http://www.usc.es/gl/gobierno/vrrelins/portal_internacional/index.jsp

5.3. A MVT contén unha descrición detallada de cada unha das materias, non só en canto contidos, senón tamén en canto ás competencias que se desenvolven especificamente nas mesmas (páxinas 46 a 132 da MVT)

BOAS PRÁCTICAS:

- Programouse unha materia de "Inglés Técnico" obrigatoria en 1º curso. De forma opcional o alumno/a pode cursar diversas materias en galego/castelán ou inglés (Química Fundamental, Fundamentos de procesos químicos, un dos laboratorios experimentais da materia de Física, todas elas materias de 1º de Grao, Transmisión de calor en 2º de Grao, Enxeñaría Bioquímica e a materia optativa de Xestión e Tratamento de Residuos de 3º de Grao).
- Existencia de coordinadores de cada curso de Grao e coordinador de titulación.
- Reunións de coordinación entre profesores de cada curso e coordinador de curso/titulación.
- Guía de mobilidade da ETSE, información sobre prazas, preguntas máis frecuentes: www.usc.es/etse/mobilidade
- Charla no mes de Novembro sobre os programas de mobilidade da Escola. (Erasmus, Séneca, Convenio Bilaterais) dirixida a alumnos da titulación: <http://www.usc.es/etse/mobilidade>
- Oficina de Relacións Exteriores (ORE) da USC: <http://www.usc.es/gl/servizos/ore/index.html>

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Cambio de semestre da docencia de prácticas dunha materia de 1º de Grao en Enxeñaría Química (a petición dos profesores da materia).

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Cambio de semestre da docencia de prácticas dunha materia de 1º de Grao en Enxeñaría Química (a petición dos profesores da materia).	

RECURSOS HUMANOS							
<p>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Na actualidade participan na docencia da titulación de Enxeñaría Química (5 anos) e Grao en Enxeñaría Química (4 anos) 18 Departamentos e 80 profesores, dos cales 69 son doutores (Figura 8 da MVT). Dos docentes e por categorías as titulacións contan con 14 Catedráticos de Universidade, 28 Titulares de Universidade, 10 Profesores Contratados Doutores, 6 asociados e 22 Investigadores Postdoutorais ou Predoutorais. Estímase que gran parte do profesorado que impartía docencia na titulación de 5 anos, concentrará de forma gradual a súa docencia no título de Grao a medida que a titulación antiga vaia extinguíndose. Na MVT amósase unha táboa coa distribución do profesorado en función do Departamento ao que están adscritos.</p> <p>Ademais, a Escola Técnica Superior de Enxeñaría dispón de 13 persoas adscritas como Persoal de Administración e servizos que garanten o correcto funcionamento das instalacións e equipos (centro, aulas de informática, biblioteca, secretaría de centro).</p> <p>Na páxina da ETSE www.usc.es/etse, apartado Persoal figura a relación de PDI e PAS adscrito ao centro.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Integración dos investigadores postdoutorais (Doutores en Enxeñaría) do programa Ramón y Cajal, Isidro Parga como docentes da titulación. • Premios "Leonardo de calidade docente" que premia ós docentes con mellores resultados nas enquisas de satisfacción do alumnado que se entregan no acto central do día da Escola, (ver apartado 10 da MVT). Premios no informe da titulación, dispoñible en www.usc.es/etse/calidade e www.usc.es/etse/greg apartado "Calidade" • Cursos de orientado a docencia en inglés para docentes. • Cursos de Innovación docente do Departamento de Enxeñaría Química dirixidos a docentes da titulación de Grao en Enxeñaría Química: http://www.usc.es/enxqu/?q=gl/node/674 • Cursos de seguridade para docentes e alumnos de 3º ciclo: http://www.usc.es/etse/files/u1/DOCformacionUSC_ETSE29112010.pdf • Guía para profesores da ETSE que lles da información sobre os procesos organización académica na Escola: http://www.usc.es/etse/info 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS							
<p><i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Os estudos de Grao en Enxeñaría Química da USC contarán para o seu desenvolvemento coas aulas e laboratorios da ETSE da USC que dispón máis concretamente de: 4 aulas cun número de postos de 108, 112, 124 e 135, para docencia de grupos grandes e realización de exames; 4 aulas máis pequenas, dúas con 42 postos e dúas con 54 postos; 1 Aula de Proxectos, con 50 postos e adecuada para realizar actividades de traballo en grupo e clases participativas; 1 Aula de Traballo, con 12 postos e adecuada para realizar actividades de traballo en grupo e tutoría; 8 Aulas de Informática para docencia e de acceso libre, cun número de ordenadores comprendido entre 25 e 36 computadores. Así mesmo a ETSE dispón de 4 laboratorios de 110 m2 para a realización de diversas prácticas experimentais da titulación, 1 planta piloto con 430 m2 e 1 laboratorio adicional de 280 m2 (véxase tamén o apartado de infraestruturas da web da ETSE: http://www.usc.es/etse/infraestruturas)</p> <p>No apartado número 7 de recursos materiais e servizos da MVT describiuse dunha forma detallada o equipamento de cada unha das aulas, espazos para alumnos, biblioteca, sas de reunións, laboratorios (informática ou experimentais) e montaxes de prácticas dos que se dispoñen para o correcto desenvolvemento da docencia en Enxeñaría Química (páxinas 144 a 153 da MVT)</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> Plan de acción mellora de prácticas experimentais do Departamento de Enxeñaría Química: http://www.usc.es/enxqu/?q=gl/category/1/45 Revisión de seguridade dos laboratorios e montaxes experimentais. http://www.usc.es/etse, na sección "Seguridade". Servizo de préstamo de discos duros ós estudantes. 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <ul style="list-style-type: none"> Modernización de aulas informáticas (cambio de ordenadores en diversas aulas) 							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

RESULTADOS PREVISTOS							
<p>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Apartado 8.1 Taxa de graduación: Non se pode calcular, a titulación púxose en marcha durante o curso 2010-11. Taxa de abandono: Non se pode calcular, a titulación arrancouse no curso 2010-11. Taxa de eficiencia: (non se puido calcular)</p> <p>Apartado 8.2 Progreso e resultados dos estudantes. A ETSE edita unha Memoria Anual do Título (MAT) das titulacións de Enxeñaría Química da ETSE (Grao e EQ de 5 anos) onde se analizan diversos aspectos da marcha da titulación (perfil dos alumnos, taxas de éxito e rendemento, resultados de enquisas, premios, visitas técnicas e estadias no exterior baixo o programa Erasmus ou Séneca. Esta memoria está dispoñible na web da ETSE: www.usc.es/etse/calidade e www.usc.es/etse/greg, apartado "Calidade". Asemade e en paralelo a vicerreitoría de calidade fixo públicas as taxas de rendemento e de éxito da titulación de Grao, facendo ademais de forma análoga un estudio de estes indicadores: Taxa de rendemento do título por cursos: http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/descargas/taxa_rendemento_titulo_cursos.pdf Taxa de éxito do título por cursos: http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/descargas/taxa_exito_titulo_cursos.pdf Taxa de rendemento e éxito por materias: http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/trexm.html</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración da memoria anual do título (MAT) que analiza con información complementaria os resultados académicos e o perfil do alumnado da titulación. Dispoñible en www.usc.es/etse/calidade e en www.usc.es/etse/greg, apartado Calidade ▪ Reunións da titulación e de curso para a mellora da docencia (mellora rendemento). 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE							
<p>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>O sistema de garantía de calidade aplicable á titulación de Grao en Enxeñaría Química segue as liñas xerais marcadas polo sistema de garantía interna de calidade (SGIC) da USC, do que é responsable a vicerreitoría de calidade: http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/</p> <p>Por outra parte a ETSE dispón dun sistema de Garantía Interna de Calidade, encargado de facer o seguimento, no que participa o equipo de Dirección do centro, a comisión de calidade do centro e o responsable de calidade do centro así como o coordinador da titulación: http://www.usc.es/etse/calidade</p> <p>Información máis detallada, referente ó título de Grao en Enxeñaría Química pode atoparse no apartado 9 da MVT (páxinas 160 a 176).</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> Existencia dunha Comisión de Calidade da ETSE que analiza os resultados acadados e planifica os novos obxectivos/metos que se deben lograr: http://www.usc.es/etse/calidade Elaborouse un plan de seguridade que se pon en marcha durante o curso actual: http://www.usc.es/etse apartado "Seguridade" A prestixiosa organización "Institution of Chemical Engineers, Icheme" referente da profesión de Enxeñeiro Químico a nivel mundial, acreditou o título antigo e hai intención de pedir acreditación do actual. http://www.usc.es/etse/gl/node/3100 e http://www.icheme.org/about_us.aspx O SGIC do Centro está acreditado polo programa FIDES AUDIT de Calidade www.usc.es/etse/sqic. 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <ul style="list-style-type: none"> Acreditación por parte da "Institution of Chemical Engineers, Icheme" do título de Grao. Segundo as recomendacións do comité de expertos de ICheme compre reforzar os contidos de seguridade nas materias da titulación, reforzar as competencias en deseño mecánico de unidades e adaptar o tamaño do Traballo Fin de Grao. 							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN							
<p><i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>O título empezou a impartirse no curso académico 2010-11. A implantación segue un formato 2+2, durante o curso pasado comezou a impartirse o 1º e 2º curso da titulación, mentres que durante o curso actual, 2011-12 comezan a impartirse o terceiro e cuarto curso da titulación.</p> <p>No apartado 10.2 da MVT se sinala o procedemento de adaptación que se seguirá para aqueles estudantes procedentes de Enxeñaría Química (5 anos), que deban realizar o seu paso a nova titulación de Grao (páxinas 178 a 180)</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<p>Posta en marcha das materias optativas de 4º curso, 1º semestre para o curso 2012-13 (non se puido facer durante este curso)</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

O informe final de verificación do título atópase dispoñíbel na web da ETSE:
<http://www.usc.es/etse/greq/verificacion>

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Se recomenda concretar las competencias propuestas	A Comisión de título considera que as competencias están suficientemente detalladas e existen mecanismos de calidade que garanten o cumprimento das competencias propostas.
Es recomendable realizar una descripción más detallada del sistema de evaluación	Revisión das guías das materias por parte da Comisión de Docencia da Titulación (xuño-xullo de cada ano). Verifícase que o sistema de avaliación de cada materia sexa correcto e se adapte ás indicacións da memoria da titulación.
Se recomienda describir con más detalle el procedimiento establecido para recoger la satisfacción de los colectivos implicados en el título, en especial la periodicidad de las encuestas.	Este tipo de enquisas as programa a Vicerreitoría de Calidade de forma periódica.
Se describe extensamente la gestión de las prácticas externas, pero no se encuentra suficientemente detallados los procedimientos para la recogida y análisis de la información sobre la calidad de las mismas.	Este tipo de enquisas as programa a Vicerreitoría de Calidade de forma periódica.

INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Este é o primeiro informe de seguimento	